

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para potenciar o uso do idioma galego.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata 30 de novembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Santiago de Compostela para colaborar no desenvolvemento de iniciativas conxuntas para prestixiar e promover no ensino universitario a estima do galego como feito diferencial da nosa comunidade autónoma. As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a promover un maior nivel de galeguización das universidades galegas, tanto na docencia, investigación e alumnado como no que se refire a relacións extra académicas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Ambas as institucións consideran como referente normativo básico da súa actuación o artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia e o artigo 15 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, segundo os que o profesorado e o alumnado no nivel universitario teñen o dereito de empregar a lingua oficial da súa preferencia. Que o



Goberno galego e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para normalizar o uso do galego no ensino universitario e facer efectivo este dereito ao alumnado.

Así mesmo son conscientes da responsabilidade que teñen de colaborar no proceso normalizador, así como na implantación das medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, destinadas a promover un maior nivel de galeguización no ámbito universitario, tanto na docencia e investigación como no que se refire ás relacións extra académicas e tamén, de colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, tarefa na que deben colaborar todas as institucións e entidades, públicas e privadas, entre elas, as universidades galegas.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten previsto asinar convenios de colaboración coas tres universidades galegas coa finalidade de promover e fomentar o uso do galego en todos os planos da actividade universitaria galega, para o que se levarán a cabo unha serie de actuacións en resposta a obxectivos sociais compartidos polas partes asinantes, cara á formación do persoal, tanto profesorado como alumnado e de administración e servizos, co fin de conseguir normalizar a presenza da lingua galega na Universidade de Santiago de Compostela.

Que a imposibilidade de promover a concorrencia pública queda xustificada en razón ás características singulares e únicas das actividades a desenvolver pola citada universidade ao abeiro deste convenio, xa que, o seu obxecto responde á idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público e social e de coparticipación e coorganización na realización de actividades que serven como instrumento para a promoción da lingua e a cultura galegas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos



contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 30 de marzo de 2017.

